

Xesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria
Xunta de Galicia

Señor Vázquez,

Recibimos o convite para asistir ao acto de constitución da Rede de Dinamización Lingüística o vindeiro venres 28 de outubro, mais comunicámoslle que ninguén en representación da CTNL acudirá a ese acto.

Os motivos polos que non asistimos son:

- Representantes técnicos/as da CTNL participamos, convidados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL), nun grupo de traballo para fixar os criterios básicos nos que se debería basear a Rede de Dinamización Lingüística. A pesar de que nese grupo de traballo se aprobaron por “unanimidade” unha serie de criterios, apoiados tanto polos/as representantes da CTNL como polos/as técnicos/as nomeados/as pola propia SXPL, finalmente a SXPL decidiu unilateralmente non telos en conta, polo que esa Rede non conta co aval dos/as técnicos/as de normalización lingüística.
- A Rede de Dinamización Lingüística despreza os departamentos técnicos para a promoción da lingua, os servizos de normalización lingüística (SNL): non é necesario que os concellos conten con SNL para formar parte dela e incluso hai concellos que, aínda tendo SNL, nomean representantes técnicos/as neste órgano a traballadores/as do concello distintos do/a técnico/a de normalización lingüística, como un auxiliar administrativo ou un técnico de Deportes, como nos consta que ocorre nalgúns casos, desprezando así o traballo dos SNL.
- O primeiro paso para poder crear unha rede de traballo para a dinamización lingüística debe ser, por lóxica, contar cos departamentos que nas distintas entidades planifican, xestionan e executan ese traballo. Se se prescinde deles, quen vai planificar, xestionar e executar o traballo de dinamización da Rede? Isto é, non ten sentido crear unha rede de traballo sen traballadores/as.

- En 2010 as axudas para o fomento do galego na administración local reducíronse case á metade e en 2011 a Xunta xa directamente as eliminou. Entón, non ten ningún tipo de sentido, e é totalmente incoherente, que con esta Rede se pretenda, supostamente, apoiar e colaborar coas entidades locais na promoción da lingua, ao mesmo tempo que lles retira a estas entidades as xa moi escasas e precarias axudas que se viñeron convocando desde hai 20 anos, e que, polo tanto, se provoque o peche de servizos de normalización lingüística, a non creación doutros novos e a suspensión de actividades por parte dos concellos.

Ademais destas razóns, no *Informe sobre a creación da Rede de Dinamización Lingüística* que a CTNL elaborou en novembro de 2010 sinálanse moitos outros problemas e carencias do proxecto, como por exemplo:

- O excesivo control da SXPL sobre os órganos da Rede permítelle tomar as decisións que queira en nome de todos.
- Aos concellos non se lles pide ningunha condición mínima para formar parte da Rede, nin sequera o uso do galego e o compromiso coa súa promoción.
- Non ten sentido crear unha rede para coordinar o traballo en dinamización lingüística sen unidades técnicas que desenvolvan ese traballo.
- Os concellos poden estar representados na Rede por técnicos/as sen ningún coñecemento nin competencia en normalización lingüística.

Este informe foille remitido á SXPL xa en novembro de 2010 e pódese consultar no web da CTNL (www.ctnl.org) ou directamente no enderezo <http://ir.gal/e61c6e>

Por todo isto, desde a CTNL, entidade que agrupa os traballadores e as traballadoras de normalización lingüística, non avalamos nin apoiamos a Rede de Dinamización Lingüística da Xunta mentres non se modifiquen eses problemas detectados e, polo tanto, non acudiremos ao acto de constitución.

Un saúdo,

Nel Vidal Barral
Presidente da CTNL

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2011